

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

DECRETO 50/2017, do 18 de maio, polo que se aproba a bandeira do Concello de Valga.

O Concello de Valga (Pontevedra) considerou conveniente organizar correctamente o seu emblema municipal para perpetuo coa simboloxía adecuada e conforme as normas da heráldica. Para iso, e de acordo coas facultades que lle conζren as disposicións legais vixentes, elevou o informe histórico-heráldico, coa correspondente proposta de representación gráφca da bandeira, para a súa aprobación definitiva.

A competencia exclusiva en materia de adopción, modificación ou rehabilitación dos emblemas heráldicos dos concellos e doutras entidades locais corresponde á Comunidade Autónoma galega, segundo o disposto polo artigo 27.2 do Estatuto de autonomía de Galicia.

O expediente tramitouse conforme as normas de procedemento establecidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; no Decreto 19/2010, do 11 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de símbolos das entidades locais de Galicia, e no Real decreto 2568/1986, do 10 de decembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais.

Na súa virtude, visto o informe emitido pola Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia e por proposta da persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezoito de maio de dous mil dezasete,

DISPOÑO:**Artigo único**

Aprobar a bandeira do Concello de Valga, que ζgura como anexo, organizada do seguinte xeito:

CVE-DOG: k2u6c4i6-uow4-9fb4-70b8-i4djnd1vixt9



«O pano azul co año branco, alterado, Ænqueado de dúas cordas amarelas, cos seus cabos soltos. Terciado ao batente de amarelo, con tres farrapos azuis».

Santiago de Compostela, dezaioito de maio de dous mil dezasete

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

ANEXO

